



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingüística Xeral	Código	613G01004	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Profesorado	Fernández Ferreiro, Manuel Morales Lopez, Esperanza Vazquez Veiga, Nancy	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es e.morales.lopez@udc.es nancy.vazquez.veiga@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Bases teóricas e metodolóxicas para o estudo e investigación da linguaxe e as linguas, e as súas aplicacións. Esta materia proporciona os coñecementos e destrezas básicos para o seguimento de calquera outra materia de corte lingüístico, e é a única de todo o plan de estudos que ofrece un panorama global das diferentes formas de estudar e entender a linguaxe, e das distintas aplicacións deses coñecementos. Polo tanto, fornece ao estudante con habilidades básicas para o desenvolvemento de actividades profesionais relacionadas coa linguaxe e, en xeral, coa comunicación.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir e organizar novos coñecementos (integrándoos nos xa posuídos) sobre o funcionamento da linguaxe e das linguas, tanto no que atingue á súa estrutura interna como nas súas dimensións cognitiva, social, aplicada, ...	A3 A11 A14 A15 A23	B1 B3 B5 B7	C6 C7 C8
Interpretar os textos científicos e divulgativos da lingüística, e relacionar os diferentes contidos tratados. Adquirir novo coñecemento a partir da súa lectura, integrándoo de maneira crítica.	A1 A2 A3 A23	B3 B7	C6
Buscar e seleccionar información sobre a linguaxe e as linguas.	A3	B1 B3 B5 B7	C6
Utilizar diferentes metodoloxías e técnicas habituais no estudo da linguaxe.	A1 A3 A11 A15	B5	C3 C6 C8
Analizar a estrutura das linguas nos seus diferentes niveis.	A1 A15	B2 B6 B7	C3
Analizar a linguaxe nas súas dimensións cognitiva, social, psicolóxica, ...	A1 A3 A11	B2 B3 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Sintetizar, relacionar e elaborar xeneralizacións a partir dos datos dispoñibles, de forma selectiva, para a resolución de problemas lingüísticos.	A1 A3	B2 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Organizar e expor contidos relativos á linguaxe, as linguas e a comunicación de forma organizada e argumentada, seguindo as pautas aceptadas no campo.	A4 A5 A6 A9 A10 A11 A23	B1 B2 B4 B9 B10	C1 C2 C6



Utilizar modos argumentativos e formas de traballo característicos da ciencia lingüística.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10 A11	B2 B7 B10	C1 C2 C4 C7
Analizar e comentar textos e discursos utilizando apropiadamente as técnicas de análise.	A1 A2 A10 A11 A15 A23	B4	C1
Traballar cooperativamente na resolución de problemas de carácter lingüístico.	A10 A14 A15	B3 B4 B6 B7	C3 C6
Afrontar sen prexuízos os novos coñecementos sobre a linguaxe, as linguas e a diversidade lingüística, así como as novas perspectivas e métodos.	A1 A11	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C7 C8
Seguir e integrar sen prexuízos os avances doutras disciplinas que axuden ao progreso da lingüística, tanto na súa dimensión teórica como na aplicada.	A23	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Contribuír ao desenvolvemento científico e social aplicando as competencias adquiridas.	A15	B9 B10	C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A natureza da linguaxe e a lingüística.	1.1. Características xerais da linguaxe. 1.2. Linguaxe, lingua, fala. 1.3. Competencia(s) e actuación. 1.4. As dimensións estrutural, social e cognitiva da linguaxe e as linguas. 1.5. Como estudar a linguaxe.
2. A comunicación.	2.1. Definición, elementos e procesos da comunicación. 2.2. Sistemas de comunicación: linguaxe humana e linguaxes dos animais. 2.3. As orixes da linguaxe e das linguas. 2.4. Modos de comunicarse/canais de comunicación: a oralidade, a escrita, a dactilografía; linguas xestuais e tactis.



3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Conceptos básicos. A psicolingüística e a neurolingüística. 3.2. Lateralización e localización da linguaxe. 3.3. Patoloxías lingüísticas. 3.4. Adquisición da linguaxe e aprendizaxe das linguas.
4. Os sons das linguas.	4.1. Son lingüístico, fonema e alófono. A fonética e a fonoloxía. 4.2. Fonación, articulación e acústica dos sons lingüísticos. 4.3. Representación gráfica e clasificación dos sons lingüísticos. 4.4. Métodos de análise e estudo do son lingüístico. 4.5. Trazos suprasegmentais: melodía, ton e entoación. 4.6. Os sistemas fonolóxicos.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. A forma das palabras. A morfoloxía. 5.1.1. Estrutura interna e clasificación das palabras. 5.1.2. A análise morfolóxica e as súas unidades: morfema e palabra. 5.1.3. Procesos de formación de palabras. Flexión, derivación, ... 5.2. A estrutura da oración. A sintaxe. 5.2.1. As relacións sintácticas: constitúntes e dependencia. 5.2.2. Funcións sintácticas. 5.2.3. Unidades sintácticas. 5.2.4. Os estratos sintáctico, semántico e informativo.
6. O significado.	6.1. O significado lingüístico. A semántica. 6.1.1. Tipos de significado. 6.1.2. O significado e o léxico: análise compoñencial e relacións semánticas. 6.1.3. O significado e a oración: proposición, significado comunicativo e relacións semánticas. 6.2. Significado, intención e contexto; a interpretación. A pragmática. 6.2.1. Deíxe. 6.2.2. Presuposición. Inferencia. 6.2.3. Principio de cooperación: implicaturas conversacionais. Relevancia. 6.2.4. Actos de fala. 6.2.5. O significado social: cortesía e imaxe. 6.2.6. A conversa e outros formas dialogais.
7. Unidade e diversidade das linguas.	7.1. Lingua e sociedade. A sociolingüística. 7.1.1. Conceptos básicos. 7.1.2. Variación sincrónica e lingua estándar. 7.1.3. A variación lingüística no tempo: o cambio lingüístico. 7.1.4. O contacto de linguas. 7.1.5. Lingua e cultura: o relativismo lingüístico. 7.2. Universais e tipoloxía lingüística. 7.2.1. Clasificación das linguas. 7.2.2. Universais lingüísticos.
8. Aplicacións da lingüística.	8.1. Para que serve a lingüística? 8.2. A lingüística noutros campos científicos: o desenvolvemento científico e tecnolóxico. 8.3. Lingüística e desenvolvemento social.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	2	4	6
Aprendizaxe colaborativa	2	2	4
Discusión dirixida	2	2	4
Esquemas	0	2	2
Estudo de casos	2	2	4
Eventos científicos e/ou divulgativos	1	0	1
Lecturas	0	27	27
Obradoiro	5	8	13
Prácticas a través de TIC	1	1	2
Proba mixta	2	20	22
Recensión bibliográfica	0	5	5
Seminario	1	0	1



Sesión maxistral	21	14	35
Solución de problemas	6	3	9
Traballos tutelados	0	14	14
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	<p>Será un método habitual de traballo tanto na aula como fóra dela. O estudante deberá analizar diferentes fontes documentais, nomeadamente escritas e de extensión diversa. Ademais das lecturas obrigatorias, recibirá frecuentemente textos lingüísticos, descricións e análises de casos, reflexións teóricas, propostas de discusión, argumentarios, etc. Para o mellor aproveitamento deste método é importante que o estudante adopte unha actitude crítica e contrastiva.</p> <p>Inda que gran parte deste método apela ao traballo individual, considérase fundamental que o estudante saiba pór en común as súas análises e chegar a acordos de interpretación, análise e crítica das fontes cos seus compañeiros.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>O deseño da materia presta especial atención ao traballo en grupo dos alumnos, ao desenvolvemento de actitudes e competencias adecuadas para colaborar con outros, non só porque serán fundamentais na súa vida profesional, senón porque tamén o son para o desenvolvemento individual. Para potenciar a aprendizaxe colaborativa, proporánselle constantemente ao alumno tarefas grupais; ademais, o profesor alterará discrecionalmente a configuración dos grupos para impedir a formación e permanencia de roles específicos nos alumnos, e facilitar o dinamismo nas súas respostas a novas situacións de traballo.</p> <p>Valorarase especialmente a disposición a colaborar de forma creativa cos demais, chegar a acordos, xerar dinámicas positivas no grupo de traballo, asumir responsabilidades e comprometerse co colectivo. O estudante debe aprender a apreciar e sumar as aportacións dos demais, así como a aportar as propias con respecto.</p>
Discusión dirixida	<p>O profesor adoitará abrir e guiar debates sobre temas relevantes, ben a iniciativa propia ben por suxestión dos estudantes. Con frecuencia, estes debates complementarán ou servirán de punto de partida para o tratamento dos contidos da materia, así como de mecanismo de comprensión da complexidade e estrutura dos fenómenos analizados.</p> <p>É fundamental que o estudante participe nestas discusións para desenvolver a súa competencia analítica e argumentativa, e para acostumarse á exposición pública de contidos e opinións de forma axeitada. Ademais, nestas discusións poderá familiarizarse co tipo de argumentación e aos criterios de validación científica do campo. En todo momento debe amosar respecto polos argumentos e opinións dos demais, e disposición a someter a discusión interna e pública as propias ideas e opinións. Valorarase positivamente a capacidade de autocritica e de aplicación das regras e criterios científicos, así como o sometemento a proba das propias ideas.</p>
Esquemas	<p>Haberá cando menos unha actividade na que o alumno deba amosar a súa habilidade elaborando esquemas. Con todo, aconséllase que o utilice como método habitual de organización da información para a aprendizaxe, principalmente cando esta proveña de fontes documentais.</p>
Estudo de casos	<p>O profesor someterá á análise dos grupos de estudantes situacións reais (casos) co fin de que sexan comprendidas. Valorarase especialmente o proceso de discusión e posta en común da información dispoñible, a estratexia de análise e o proceso de elaboración de conclusións e/ou toma de decisións. Esta metodoloxía estará fortemente ligada á de solución de problemas.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>O profesor pode suxerir puntualmente eventos (conferencias, cursos, seminarios, mesas redondas...) de interese para os alumnos. É difícil prever se vai haber algún evento sobre o que se poida facer unha actividade avaliable: se o hai e os profesores o consideran oportuno, o alumno deberá asistir e elaborar un informe guiado (isto é, sobre un modelo proporcionado polo profesor con preguntas específicas) desa conferencia. A/s conferencia/s susceptibles de ser informadas será/n determinada/s polo profesor.</p>



Lecturas	<p>As lecturas obrigatorias proporcionaranlle ao estudante a maior parte dos contidos do curso, e deberá facer unha ou varias por cada tema: ao inicio do curso entrégaselle unha listaxe con todas elas. Estas lecturas serán previas a que o grupo trate o tema na aula. O estudante deberá plantexar na aula as dúbidas que lle xurdiran: o profesor tentará resolvelas ben directamente, ben utilizándoas como base para actividades de estudo de caso, seminario, discusión dirixida, solución de problemas... que leven á súa aclaración.</p> <p>Ademais, o profesor poderá entregarlles aos alumnos (individual ou colectivamente) lecturas complementarias obrigatorias de extensión variable, así como suxestións para a ampliación voluntaria de contidos.</p>
Obradoiro	<p>Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates, textos complementarios, actividades prácticas en grupo, análise de xeito contrastivo de propostas de diferentes autores ou momentos históricos, todo isto de forma secuencial e combinada, perseguindo un propósito único de adquisición de determinados contidos e desenvolvemento de certas competencias.</p>
Prácticas a través de TIC	<p>As actividades que se soliciten serán realizadas cun procesador de textos. Ademais, nalgúns temas poden utilizarse novas tecnoloxías (laboratorio de fonética, busca de información en rede...)</p>
Proba mixta	<p>Ao final do curso os alumnos deberán realizar unha proba de tipo teórico e aplicado, con preguntas de resposta aberta e/ou pechada, que suporá o 45% da cualificación final.</p>
Recensión bibliográfica	<p>Polo menos unha actividade consistirá en realizar unha recensión dirixida (isto é, respondendo a preguntas concretas do profesor e cun número mínimo de palabras) dunha lectura proposta polo profesor: será o profesor quen determine cal para cada alumno. Se o profesor o considera necesario, faranse máis recensións (dirixidas ou non) ou prescindirase da prevista.</p>
Seminario	<p>Constituirá un método habitual de traballo, principalmente nas aulas de grupo mediano e reducido: o profesor plantexará algún tema (ben por iniciativa del, ben pola dos alumnos) sobre o que se traballará, debatirá e elaborarán conclusións, utilizando materiais aportados polo profesor ou buscados polos estudantes e, sobre todo, utilizando a reflexión individualizada e grupal e a posta en común.</p>
Sesión maxistral	<p>Haberá unha sesión maxistral de 90 minutos cada semana. Dependendo do tema e/ou do profesor, consistirán na exposición por parte deste dalgúns contidos seleccionados ben por iniciativa propia ou a proposta dos estudantes, xa sexa para aclarar dúbidas sobre contidos recollidos nas lecturas, corrixilos ou tratar outros completamente novos. Os alumnos deberán ter feitas as lecturas obrigatorias correspondentes a cada tema antes da primeira sesión maxistral na que este se trate.</p>
Solución de problemas	<p>O estudante deberá enfrentarse puntualmente, ben de forma individual ou grupal, a situacións problemáticas cuxa/s solución/s requiran a aplicación dos coñecementos e competencias desenvolvidos na materia. O fundamental neste curso inicial da titulación non é tanto a resolución dos problemas como o enfoque, o proceso de análise e reflexión e a estratexia adoptados. Esta metodoloxía estará fortemente ligada á de estudo de casos.</p>
Traballos tutelados	<p>Os alumnos deberán realizar algunhas actividades prácticas ou de busca de información seguindo instrucións específicas do profesor e, cando este o determinar, sendo controlado o seu traballo cando menos en certas etapas (planificación inicial, estratexia de traballo, ...) O obxectivo é que o estudante desenvolva dinámicas e prácticas de traballo axeitadas e/ou propias da área de coñecemento.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Recensión bibliográfica	A atención personalizada será unha constante, nomeadamente nas sesións de grupo reducido, nas que priman o traballo colaborativo e a aplicación dos coñecementos adquiridos: o profesor fará un seguimento particular de cada alumno, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa tarefa e co grupo.
Proba mixta	O profesor poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño o aconsellen.
Traballos tutelados	Os estudantes poden acudir en horario de titorías e aulas ao profesor para tratar as cuestións que estimen pertinentes. Recomendáselles, con todo, que de buscaren aclaracións aos contidos o fagan en grupo con outros compañeiros, xa que a resolución das dúbidas de uns pode ser de gran axuda para os demais. Os estudantes, ademais, deberán solicitar atención individualizada do profesor cando precisen aclaracións ou guía ao desenvolveren certas tarefas: preparación de probas mixtas, elaboración de recensións bibliográficas e traballos tutelados... Os horarios de titoría dos profesores recóllense no taboleiro principal de información da Facultade de Filoxía (andar 0), xunto cos horarios de clase e exames; serán facilitados a todos os estudantes a principios de curso. Estes son os gabinetes nos que os profesores atendem as súas titorías: Manuel Fernández Ferreiro, gabinete 113; Esperanza Morales López, gabinete 108; Nancy Vázquez Veiga, gabinete 112.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	Porcentaxe non real: lea as observacións	2
Análise de fontes documentais	Porcentaxe non real: lea as observacións	2
Aprendizaxe colaborativa	Porcentaxe non real: lea as observacións	2
Estudo de casos	Porcentaxe non real: lea as observacións	7
Eventos científicos e/ou divulgativos	Porcentaxe non real: lea as observacións	7
Lecturas	Porcentaxe non real: lea as observacións	3
Obradoiro	Porcentaxe non real: lea as observacións	2
Recensión bibliográfica	Porcentaxe non real: lea as observacións	7
Proba mixta	Proba escrita que o estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o/s cuadrimestre/s	45
Prácticas a través de TIC	Porcentaxe non real: lea as observacións	7
Traballos tutelados	Porcentaxe non real: lea as observacións	7
Solución de problemas	Porcentaxe non real: lea as observacións	7
Sesión maxistral	Porcentaxe non real: lea as observacións	2

Observacións avaliación



Por esixencias do deseño da aplicación coa que se elabora esta guía docente, as porcentaxes ofrecidas arriba só son exactas para a proba mixta. Lea atentamente a información que segue.

1. A CUALIFICACIÓN FINAL responderá ao seguinte reparto porcentual: 1.1. Un 45% obterase pola PROBA MIXTA ESCRITA que os estudantes realizarán ao remataren a materia e nas datas, horas e lugar establecidos nos horarios oficiais de exames do centro. Teñen dúas oportunidades: unha primeira ao final do primeiro cuadrimestre, e unha segunda na primeira quincena de xullo. Moi importante: os estudantes deberán obter unha puntuación mínima de 4 sobre 10 nesta proba escrita para poder superar a materia. Ningún estudante obterá o 100% da súa cualificación final con esta proba: todos serán cualificados coa distribución porcentual aquí recollida. 1.2. Un 45% obterase da realización de CATRO ACTIVIDADES (individuais ou grupais) ao longo do curso, que serán entregadas obrigadamente en formato electrónico e en papel. As actividades deben entregarse nas datas fixadas: de non ser así, computarán cun 0.00 na primeira oportunidade, e avaliaranse (de ser o caso) na segunda. [Poderán penalizarse na puntuación: entregar en branco parte das actividades que se deben facer fóra da aula, a presentación inadecuada e as faltas ortográficas.] 1.3. Un 10% responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso. Observaranse o aproveitamento e a evolución individual do alumno, mais tamén e moi especialmente a súa dinámica na aula, a súa forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa e o traballo en grupo. 1.4. Os alumnos que repiten a materia ou que teñen unha dispensa académica oficial, recibirán un 50% da súa cualificación pola realización da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das catro ACTIVIDADES (individuais ou grupais) avaliáveis.
2. SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO. 2.1. De suspender a materia en xaneiro por non acadar 4.00 puntos na proba mixta escrita, deberá facela de novo en xullo (2ª oportunidade). 2.2. De suspender a materia en xaneiro e non superar ou entregar algunha/s actividade/s, deberá realizar as actividades substitutivas que se lle encomenden para a 2ª oportunidade: consideraranse superadas só aquelas nas que acadara un 5.00. Os profesores farán público en xuño de 2013 qué actividade/s fará cada alumno e as instrucións pertinentes: o prazo de entrega remata coa celebración da proba mixta de xullo (2ª oportunidade.) 2.3. Aos estudantes que non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5.00 puntos no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte reparto porcentual na 2ª oportunidade de xullo: (i) proba mixta escrita, 50%; (ii) actividades ou tarefas avaliáveis, 50%.
3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO. Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas e que, ademais, (b) entreguen menos de tres actividades avaliáveis.
4. OUTRAS OBSERVACIÓNS. 4.1. O plaxio total ou parcial é inadmisíbel e contrario aos obxectivos perseguidos. Pode conlevar a perda de máis puntuación có valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra. Considérase moi grave a copia total ou parcial de traballos elaborados por outros alumnos. 4.2. A expresión oral e escrita do estudante debe ser correcta e axeitada ao seu nivel académico: de non selo, poderá reflectirse na puntuación recibida. 4.3. As datas oficiais previstas para o curso 2012-2013 son o 23 de xaneiro (10.00 hh.) e o 8 de xullo (9.30 hh.) de 2013 na Aula Magna. Esta información debe ser contrastada polo estudante nos taboleiros oficiais do centro antes de cada período de exames, por se houber cambios.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndaselle ao estudante que lea atentamente esta guía docente: nela atopará resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Acuda ao seu profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención ao seguinte:

1. Realice puntualmente as lecturas e actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias; ademais, fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor. O plaxio total ou parcial de actividades é inadmisibile.
2. Preste atención ao traballo en grupo e á colaboración cos seus compañeiros: son un eixo fundamental na concepción e planificación da materia.
3. Procure observarse a si mesmo e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances: intente suplir aquelas e aproveitar estes.
4. As súas exposicións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver. Debe expresarse correctamente e sen faltas ortográficas: de non ser así, reflectirase negativamente nas cualificacións.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías